

Amada Nerys:

Fai 10 días que estou na fronte e semellan anos, a miña forma de ver o mundo cambiou moito dende que cheguei aquí , todo o que antes daba por suposto agora converteuse nunha dúbida constante , dende se haberá comida no meu prato ou estarei eu diante del . Debo seguir a diante por todos os meus compañeiros pero sería autoenganarme, solo o fago por ti. Vivimos nunha escuridade constante onde xa non sei distinguir se as luces que aluman o meu camiño son os raios do día ou os desteios das bombas. Gustaríame ter algo fermoso que poder contarche pero o único alegre da miña vida agora mesmo está na miña memoria e non paro de recordar os momentos que pasamos xuntos, correndo polos campos de Aberdeen, mollados pola choiva. O único que nos molla aquí son os restos dos nosos compañeiros mesturados coa suciedade. Isto atrae a milleiros de ratas e comparámolos con nós, xa que nós, escondémonos coma elas. Síntome verdadeiramente mal por alegrarme da baixa dun compañeiro, pero a volta a casa de James significa que podes ter noticias miñas e unha versión clara da realidade. Non creas a gloria do que che contan, non loitamos por un país senón por manernos con vida. Non somos tan diferentes do enemigo , cando vemos un compañeiro caído en combate a tristeza é a mesma . Espero que as cousas na casa estén mellor, seguro que os nosos país están moi contentos e fardan de ter un fillo , lexítimo ou político, no fronte.

Todo cambiou tanto:

*Cuándo tu ves millones de muertos sin boca*

*A través de vuestros sueños en pálidos batallones van*

Escriboche a 12 de outubro , mañán é o teu anivesario, o primeiro que pasamos separados, fai 4 meses que estou sen ti e ese inferno supera á dor da guerra. Espero voltar axiña para poder casar e concebir esa vida que tanto prometemos, ao noso primoxénito! Non hai un minuto no que non estés connigo, no meu corazón e no meu pensamento.

Recorda, ámote.

Charles.